

PLAN DE CONVIVENCIA DO CPI VIRXE DOS REMEDIOS

ÍNDICE

I MARCO XERAL DO PLAN DE CONVIVENCIA:	p.3
1.1.- Contexto.	
1.1.1- Situación actual da convivencia no centro	
1.2.- Fundamentación lexislativa	
1.3.- Consideracións terminolóxicas	
1.4.- Finalidades, obxectivos e actitudes	
II. PROGRAMAS DO PLAN DE CONVIVENCIA:	p.9
2.1.- Programa “O patio escolar é zona de encontro”.	
2.2.- Programa “Actividades complementarias e extraescolares”.	
2.3.- Programa “Coidamos o entorno”.	
III.- APORTACIÓN PARA AS NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO:	p.12
3.1.- Plan de acollida para o alumnado: De nova incorporación e cambio de etapa.	
3.2.- Plan de acollida para o profesorado.	
3.3.- Normas e procedementos de resolución de conflitos: Palabra e Mediación.	
3.4.- Criterios de actuación ante situacións de posible acoso escolar.	
3.4.1.- Introducción e Lexislación	
3.4.2.- Identificación do acoso escolar	
a) Criterios de identificación	
b) Tipos	
c) Consecuencias	
3.4.3.- Protocolo de actuación	
3.4.4.- Estratexias de prevención	
a) no centro	
b) na aula	
3.4.5.- O ciberacoso	
a) Definición	
b) Criterios de identificación	
c) Tipos	
d) Protocolo de actuación	
e) Estratexias preventivas	
IV. POSTA EN PRÁCTICA DO PLAN DE CONVIVENCIA:	p.38
4.1.- Criterios didácticos	
4.2.- Aspectos organizativos e proceso de posta en práctica	
4.3.- Seguimento e avaliación do Plan de Convivencia	
V. ANEXOS	p. 42
5.1.- De rexistro para os lugares da palabra e a mediación.	
5.2.- De rexistro para o acoso escolar	
VI. BIBLIOGRAFÍA	p. 117

I MARCO XERAL DO PLAN DE CONVIVENCIA:

1.1.- Contexto do centro.

O C.P.I. “Virxe dos Remedios” é un centro de ensinanzas Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria, situado na vila de Castro Caldelas. Poderíase dicir que é o típico “centro rural”.

Está dividido en dous edificios: o de Primaria, con dez aulas, comedor, salón de actos e ximnasio, e o de Secundaria, con catro aulas xerais, dúas aulas de desdobre, un laboratorio, unha aula de Tecnoloxía e Informática, unha aula de Música e Debuxo e unha Biblioteca. É neste edificio onde se leva a cabo a actividade administrativa do centro e do equipo de orientación.

O centro non ten restricións de matrícula, xa que é o único da zona e acolle ás nenas e ós nenos dos concellos de Castro Caldelas, A Teixeira, San Xoán de Río, Chandrexa de Queixa, Parada de Sil e Montederramo. Isto implica que case todo o alumnado é transportado e fai uso do servizo de comedor.

O nivel socioeconómico e cultural dos proxenitores é de tipo medio-baixo. A maioría non son capaces de axudar ós seus fillos cos deberes escolares e a posibilidade de asistir a clases particulares é moi remota debido ao illamento da zona.

1.1.1.- Situación actual da convivencia no Centro

▪ Resultados das enquisas:

Coa finalidade de valorar o estado da convivencia no CPI “Virxe dos Remedios” de Castro Caldelas, decidimos pasar unha enquisa a toda a comunidade educativa (familias, profesorado e alumnado).

Pretendemos coñecer do xeito máis obxectivo posible a percepción respecto a convivencia que teñen os distintos colectivos enquisados, e unha vez recadada esta información, dar resposta as necesidades detectadas, e idear un plan de mellora.

Unha vez recollidas as enquisas para a obtención dos resultados, fixemos unha análise das conclusións sacadas de cada sector, e tamén unha síntese final.

Así os resultados demostraron que:

• Segundo o alumnado concluímos:

Consideran como MOI BO:

- Relacións co Equipo Directivo
- Relacións do profesorado co alumnado.
- Relacións entre o alumnado.
- Relacións da comunidade educativa co contorno escolar (Cruz Vermella, Concello ...)

Como BO:

- Clima de traballo.
- Relacións do alumnado co profesorado.
- Relacións do profesorado coas familias.
- Relacións das familias co profesorado
- Relacións do persoal non docente co resto da comunidade educativa.
- Relacións do centro cos servizos sociosanitarios.

Consideran que algunhas veces se produciron enfrontamentos entre o alumnado, e que os enfrontamentos cos outros colectivos non son significativos xa que son pequenos problemas puntuais.

Resaltan que algunha vez houbo agresións verbais entre os alumnos/as e deterioros nas instalacións.

Con respecto ás condutas a mellorar destacan:

- Favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado
- Colaborar cos servizos sociais de saúde e asociacións
- Reforzar a disciplina no centro
- Formar ao profesorado sobre a resolución de conflitos.

- Segundo o profesorado:

Valorou como BO ou ACEPTABLE :

- O clima de traballo e as relacións entre o profesorado
- As relacións do profesorado coas familias
- As relacións das familias co profesorado.
- As relacións do persoal non docente co resto da comunidade educativa.
- Relacións da comunidade educativo co contorno escolar.
- As relacións coa Administración educativa.

Consideran que Algunha vez se ten producido:

- Enfrontamentos puntuais entre o profesorado por diferentes opinións.
- Agresións verbais entre o alumnado.
- Deterioro das instalacións do centro.
- Condutas disruptivas nas aulas con algún profesor/a específicos.

As condutas a mellorar que propón o profesorado son as seguintes:

- Unificar criterios de actuación entre o profesorado.
- Consensuar normas alumnado-profesorado – familias.
- Mellorar a implicación das familias no funcionamento do centro.
- Reforzar a disciplina no centro.
- Facer grupos de mediación en resolución de conflitos no centro.

- Opinión das familias:

As familias consideran como BO :

- Relacións do profesorado co alumnado.
- Relacións entre o alumnado.
- Relacións do profesorado coas familias .
- Relacións das familias co profesorado.

O resto puntúan como BOAS:

- O clima de traballo.
- Relacións entre o profesorado co equipo directivo.
- Relacións do alumnado co profesorado.
- Relacións do persoal non docente co resto da comunidade.
- Relacións da comunidade educativa co contorno escolar.
- Relacións do centro cos servizos sociosanitarios.
- Relacións coa Administración educativa.

Os enfrontamentos producidos ALGUNHAS VECES son.

- Entre o alumnado

As condutas que algunha vez se produciron son:

- Agresións verbais entre o alumnado.

As condutas a mellorar que propoñen os pais/ nais son:

- Empregar un estilo docente máis respectuoso e positivo.
- Consensuar normas entre o alumnado, profesorado, coidadoras de comedor e familias.
- Reforzar a disciplina no centro.
- Mellorar a implicación das familias.
- Informar as familias sobre estratexias diante dos conflitos.

1.2.- Fundamentación lexislativa

No decreto 85/2007 do 12 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego da convivencia escolar, régúlase que dentro do Proxecto Educativo de Centro (PEC) se incluíra o Plan de Convivencia Escolar. Este ten sufrido modificacións coa aparición da Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa e o decreto 8/2015 do 8 de xaneiro que desenvolve dita lei.

Así o historial do noso Plan de Convivencia enmarcase en:

- Curso 2009/10: Realizamos un Plan de convivencia para mellorar as relacións no centro.
- Curso 2011/12: Melloramos e ampliamos o Plan anterior.
- Curso 2013/14: Modificamos, melloramos e ampliamos o Plan de Convivencia segundo a lexislación e as necesidades do centro.
- Curso 2014/15: Comprobamos a adecuación do noso Plan coas últimas novidades do decreto 8/2015.

En canto aos procesos mediadores para a resolución de conflitos, consideramos que os conflitos aparecen nos centros, pois son un proceso social, forman parte da Convivencia humana. O importante non é a aparición do conflito, senón cómo se resolven os mesmos. É importante aprender a resolver conflitos desde pequenos, e é importante cambiar a concepción de conflito que se asocia como algo negativo, non desexable, sinónimo de violencia, patoloxía, etc.

Segundo a Torrego podemos afirmar que un conflito é “ un proceso en que dúas ou máis partes entran en oposición ou desacordo porque as súas posicións, intereses, necesidades, desexos ou valores son incompatibles ou percibidos como incompatibles e onde as emocións e sentimentos xogan un papel moi importante”.

Centrámonos na negociación a través dos lugares da palabra e da constitución dun grupo de mediadores no centro que permitise esta posibilidade de resolución pacífica de conflitos no centro.

A nosa formación dirixiunos á procura dun programa completo de convivencia, que en palabras de Segura, M. debería cumprir a seguinte condición “Todo programa simplificador que non teña en conta os catro elementos non dará

resultado. Teñen que ir os catro elementos xuntos, ter en conta ao mesmo tempo o cognitivo, o emocional, as habilidades sociais e o crecemento moral”.

Nesta liña continuamos o noso traballo, e sobre todo a través do traballo na competencia socio-emocional.

1.3.- Consideracións terminolóxicas

- **Conflito**

Compartimos a definición do Sr. Torrego Seijo: “o *conflito* consiste nun proceso no que dúas ou máis partes entran en oposición ou desacordo porque as súas posicións, intereses, necesidades, desexos ou valores son incompatibles ou son percibidos como tal, e onde as emocións e os sentimentos xogan un papel moi importante”.

- **Convivencia**

Definimos *convivencia* como o feito de compartir vivencias xuntos, baseado no exercicio da liberdade e o respecto á diferenza e a capacidade dos integrantes dunha comunidade para elixir e responder polas consecuencias das súas accións.

- **Violencia (física, psicolóxica e virtual)**

Consideraremos *violencia* aqueles comportamentos aprendidos, tanto físicos coma psicolóxicos, que ataquen a alguén coa intención ou finalidade de causar dano. Neste Plan de Convivencia, podemos diferenciar entre tres tipos:

- A **física** defínese como aquela conduta dirixida, directa ou indirectamente, a causar un dano ou sufrimento físico sobre a persoa. Igualmente, aquelas condutas destinadas a producir dano aos bens que integran o patrimonio da vítima.
- A **psicolóxica ou de acoso moral** defínese como aquela conduta menos evidente, verbal ou non, que ocasione dano emocional, mingúe a autoestima, prexudique ou perturbe o san desenvolvemento da persoa.
- A **Virtual ou simbólica** defínese como aqueles comportamentos, actitudes e contravalores transmitidos polos medios de comunicación que fundamentalmente banalizan a violencia e a naturalizan.

- **Agresividade**

Consideraremos *agresividade* aqueles comportamentos inherentes ao ser humano, que consisten nun estado de alerta diante dun perigo, real ou ficticio.

- **Matonismo (Bullying/Mobbing)**

Consideraremos *matonismo* como unha conduta violenta que sofre unha persoa por parte doutra ou dun grupo, física e/ou psicolóxica, persistente e dilatada no tempo entre iguais, ou entre persoas con diferentes roles.

- **Vandalismo**

Consideraremos *vandalismo* o feito de destruír, devastar, deteriorar, etc. de maneira intencionada calquera instalación ou recurso material do Centro.

- **Comportamentos disruptivos**

Consideraremos *Comportamentos disruptivos* aqueles comportamentos que interrompan a harmonía do Centro e que sexan contrario as normas; porén estes comportamentos non supoñen unha alteración grave da convivencia no Centro.

- **Disciplina**

Consideraremos *disciplina* o feito de respectar as normas de convivencia elaboradas e asumidas por todos os sectores implicados na comunidade educativa.

- **Absentismo escolar**

Consideraremos *absentismo escolar* o feito de non acudir ó Centro educativo de xeito reiterado e sen xustificación.

1.4.-Finalidades , obxectivos e actitudes

Consideramos a convivencia como un fin educativo a traballar en todo momento polo que se debe fomentar a participación e colaboración de todos os sectores implicados (alumnado, profesorado e familias). Tendo en conta que os conflitos son inherentes á vida en común das persoas, unha boa resolución dos mesmos contribuiría a unha boa xestión global da convivencia.

Finalidades:

Preténdense a partir deste plan de convivencia as seguintes finalidades que orienten a actuación do equipo docente e de toda a comunidade educativa.

- Que o alumnado se atope seguro, acollido e considerado, desde a convicción de que só nun contexto emocionalmente positivo e estimulante é posible unha boa convivencia e aprendizaxe.
- Desenvolveremos no noso Centro os valores e a práctica dunha cidadanía responsable, tendo en cota hábitos democráticos de convivencia e unha cultura cívica en valores de respecto e tolerancia integrando achegas doutras culturas.
- Que o alumnado adquira as competencias necesarias para establecer unhas relacións sas e construtivas consigo mesmos e cos demais, con actitudes coherentes cos valores democráticos e o respecto aos dereitos humanos, fundamento dunha educación para a cidadanía.
- Pretendemos contribuír á formación integral de tódolos alumnos e alumnas, tanto para ser persoas coma para convivir en colectividade, coma para mellorar as aprendizaxes curriculares.
- Aproveitamento do potencial socializador e de integración que posúen as actividades complementarias e extraescolares, así como a súa capacidade de cohesión tanto de grupo coma de centro.
- Buscamos que as familias e outros axentes educadores en sintonía co centro contribúan ao desenvolvemento da educación do alumnado.

Obxectivos:

- Traballar e aprender tódolos membros da comunidade nun entorno agradable e coidado e tomar conciencia das consecuencias ambientais das nosas accións. Preténdese aprender o valor que ten para o benestar individual e colectivo e por tanto, dunha convivencia sa, que o entorno escolar estea limpo, ordenado e agradable, que se respecte o entorno no que vivimos e a responsabilidade de todos no seu coidado.
- Sensibilizar aos distintos sectores implicados sobre a importancia da convivencia no desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Lograr o benestar emocional de modo que os membros da comunidade educativa se sintan acollidos, considerados e seguros.
- Contribuír á educación emocional dos membros da comunidade educativa, procurando que, no centro, cada un se sinta aceptado e valorado e se atenden os seus estados de ánimo, sentimentos e necesidades.
- Axudar ao alumnado na adquisición de habilidades e competencias que precisa para o seu desenvolvemento persoal, social e moral.
- Que o alumnado vaia adquirindo de forma teórica e práctica, as habilidades persoais e prosociais necesarias para a convivencia e o desenvolvemento moral preciso para actuar conforme aos principios éticos.

- Procurar a cohesión interna do grupo e axudar a que o alumnado estea integrado e sinta que pertence a un grupo e ao centro. O punto de partida antes da aplicación de calquera programa é o coñecemento do grupo e a cohesión interna do mesmo.
- Consensuar e interiorizar as normas e o seu cumprimento, participando na súa elaboración, respectando os valores democráticos e os principios éticos universais. Propoñemos que o alumnado acepte a necesidade das normas, que cada dereito ten unha obriga, e sexan consensuadas, sendo fundamentais os principios de claridade e coherencia.
- Crear na comunidade educativa unha cultura que prioriza a calidade da convivencia e manexa os conflitos de forma construtiva e creativa.
- Reforzar a disciplina, entendo por disciplina o proceso polo cal se favorece os obxectivos educativos, estimulando cambios cognitivos, emocionais e conductuais.
- Favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado.
- Incentivar a formación dos profesionais da educación e das familias en materia de resolución de conflitos e mellora da convivencia.
- Levar a cabo programas de prevención da conflictividade e violencia no Centro, promovendo a súa posta en práctica. Crear grupos de mediación en resolución de conflitos.

Actitudes:

Unha formulación en materia de convivencia sería que o alumnado desenvolva as seguintes actitudes:

- Chegar ao colexio con puntualidade.
- Xustificar as ausencias.
- Asumir as orientacións do profesorado e do persoal non docente no exercicio das súas funcións.
- Estudar con aproveitamento respectando o dereito ao estudo dos demais alumnos e alumnas.
- Participar na vida e funcionamento do Centro na medida en que a súa idade o permita.
- Valorar o esforzo e a perseveranza no traballo.
- Tratar con respecto e consideración a tódolos membros da Comunidade Educativa.
- Respetar a dignidade, integridade, intimidade, ideas e crenzas de todos/as.
- Non discriminar a ningún por razón nacemento, raza, sexo, discapacidade, crenza ou calquera circunstancia persoal, familiar ou social.
- Desterrar o uso da violencia en todas as súas manifestacións.
- Non realizar actividades que poidan resultar prexudiciais para a saúde nin incitar a outros a que as comentan.
- Coidar e utilizar correctamente os bens e instalacións do Centro, respectando as pertenzas dos demais.
- Promover accións que melloren a calidade do noso entorno.

O profesorado procurará, no marco dunha mellora da convivencia, desenvolver as actitudes que seguen:

- Cumprir puntualmente coas súas obrigas de clases, gardas, titorías, claustro, reunións de CCP e calquera outra reunión ou actividade convocada pola Dirección, avaliacións e outras actividades do Centro.
- Respetar e actuar de acordo coas directrices que figuran no PEC.
- Respetar e actuar de acordo coas normas aprobadas nas reunións dos departamentos didácticos.
- Estar á escoita das críticas e suxestións construtivas.
- Impartir unha ensinanza libre de todo adoutramento.
- Xustificar as ausencias.
- Traballar dende a obxectividade e a colaboración.
- Ser conscientes no uso adecuado das instalacións e do material.
- Non realizar actividades que poidan resultar prexudiciais para a saúde nin incitar a outros a que as comentan.

As familias intentarán manter e mellorar o clima de convivencia mediante certas actitudes como:

- Implicarse e colaborar no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos/as.
- Ser consecuentes coas normas do Centro.

II. PROGRAMAS DO PLAN DE CONVIVENCIA:

Os programas implementados, entre outros fins, aportan procedementos de actuación orientados á prevención de conflitos e á consecución dun adecuado clima no centro.

2.1.- PROGRAMA: “O PATIO ESCOLAR É ZONA DE ENCONTRO”

Obxectivos:

- Facer do patio escolar un espazo educativo e lúdico.
- Aproveitar as posibilidades do xogo na aprendizaxe da convivencia.
- Ensinar normas de respecto e de compañerismo.
- Implicar ao alumnado na xestión das súas actividades e na responsabilidade sobre o material.
- Fomentar a transmisión de coñecementos e habilidades sobre os xogos, entre os distintos grupos de idade que comparten o patio.
- Diseñar accións e materiais en relación aos elementos estruturais do patio para fomentar a aparición do xogo.

Actividades:

Organización do espazo e das actividades:

- Pintar o patio
- Elaboración de fichas de xogos populares
- Instalación de xogos fixos ou móbiles por tempadas

Os xogos:

- Os xogos de sempre: tabas, truco, trompos, chave, bolos, canicas...
- Torneos deportivos: fútbol, brilé, baloncesto, pañuelo, etc...
- cofre dos tesouros: canicas, chapas, gomas, taboleiros de oca, tres en raia...

Participación do alumnado: Grupos de responsables de patio

- Aulas e nenos responsables de material
- Xogamos co que nós creamos: bolos, raquetas pimpón, aros, cariocas, chirimbolo,...
- Xogos de simulación histórica, acontecementos ...

Participación do equipo docente:

- Realizar observacións de forma puntual ó principio de cada trimestre para analizar datos que revertan na actuación docente: alumnado illado, comportamentos e interaccións que se producen , detección de necesidades ou carencias no patio, uso que se fai do material...
- Reforzar a aparición do xogo no patio, coa intervención directa do profesorado na primeira quincena do primeiro e do segundo trimestre.
- Intervir sempre que o reclamen ou se vexa que o conflito non vai por bo camiño.

2.- PROGRAMA: “ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES”

Aproveitamento do potencial socializador e de integración que posúen as actividades complementarias e extraescolares, así como a súa capacidade de cohesión tanto de grupo coma de centro.

Existen actividades complementarias e extraescolares cun alto potencial para a mellora da convivencia no centro, polas características das mesmas. Plantexámonos beneficiarnos dese potencial socializador, integrador e de cohesión.

Obxectivos:

- Crear e cohesionar o grupo. Unha das facetas importantes no plan de convivencia é a de estar integrado no grupo de referencia e non ser unha suma de individuos illados e sen vínculos entre si.
- Coñecer a tradición e a realidade social na que viven. É necesario que para o desenvolvemento social do alumnado que eles mesmos estean integrados na sociedade na que viven, e para isto o máis axeitado é que coñezan e sexan partícipes das tradicións socio-culturais do seu entorno.
- Crear unha conciencia crítica tanto da sociedade como da estética, para mellorar o desenvolvemento persoal e social. Desta forma o coñecemento curricular pasa a ser unha experiencia tanxible (dentro ou fóra das aulas) na que o alumnado valora o aprendido, comprende a súa utilidade, e crea os seus propios criterios. Esta concienciación vai desde un coñecemento concreto das desigualdades existentes, o deterioro e coidado da natureza, o coidado e respecto á diversidade e riqueza artístico-cultural.
- Integrar o entorno do alumnado dentro do proceso educativo, entendendo este como un todo. Por esa mesma razón algunhas actividades pretenden involucrar ao entorno familiar dentro da convivencia do centro, realizando actividades nas que os familiares foron tanto espectadores como protagonistas.
- Permeabilizar e tender pontes dentro dos distintos niveis educativos do centro (infantil, primaria, secundaria), dos diversos roles educativos (familias,

alumnado, profesorado, persoal non docente), integrándoos e facéndoos partícipes e protagonistas dunha mesma realidade educativa.

Actividades:

Resaltamos aquelas actividades máis significativas para a convivencia no centro e nas que os obxectivos anteriores están altamente presentes. Estes obxectivos foron moitas veces diversos e combinados entre si, de tal forma que unha mesma actividade axudase ó desenvolvemento de diversas facetas de convivencia.

- Olimpíada Cultural na ESO
- Actividades en datas significativas: Magosto, Nadal, xogos cooperativos no día da Paz, Entroido, Día das Letras Galegas.
- Os avós lembran as súas mocidades, o meu avó é a miña avoa é ...e eu quero ser, sementando valores.
- Os cuentistas, contacontos. Permeabilización entre etapas co Club de lectura.
- Viaxes, saídas e convivencias

Suxírese a realización nas primeiras semanas de curso dalgunha actividade complementaria protagonizada e organizada polos titores para a cohesión do grupo, en aproveitamento do alto potencial socializador deste tipo de actividades

3.- PROGRAMA: “COIDAMOS O ENTORNO”

Obxectivos:

- Respetar, coidar e mellorar o entorno físico e natural no que vivimos e nos relacionamos: A escola
- Experimentar o benestar dun entorno limpo, ordenado e agradable e asuman a súa responsabilidade no seu coidado, xa que un entorno con estas características favorece unhas relacións amigables, de respecto ás cousas e ás persoas, mentres que pola contra, unha escola descoidada é un entorno hostil que induce a comportamentos que non respectan nada e a ninguén.
- Interiorizar a necesidade de respectar, conservar e mellorar o entorno no que vivimos e nos relacionamos, xa que é unha parte importante do proceso de ensino-prendizaxe.

Actividades:

- Coidado do espazo, tanto interior como exterior: pintado de graffitis, decorado dos diferentes contedores e papeleiras, segundo o seu uso (reciclado), coidado e decoración das aulas e do seu mobiliario...
- Facer do patio un lugar máis agradable e alegre, a transformación do patioemento:
 - Zona de parque infantil.
 - Zona do 3 en raia
 - Zona da chave.
 - Zona do twister.
 - Zona do truco.
 - Zonas de xogos deportivos: a comba, o fútbol, etc...
 -
- Revisión do estado do patio:

- Campañas de sensibilización de patio limpo (con datas previstas) e revisión dos aspectos que requiran reparacións ou coidado.
- Realizar xogos con materiais de refugallo dentro da actividade xogamos co que nós creamos : aros , cariocas, Cachirulo, perinolas, chapas, muíños de vento ...
- Os corredores:
 - Murais nos corredores para a exposición dos traballos realizados nas diversas aulas, materias, presentados a concursos. Traspasar a liña da aula do aprendido.
 - Cartaces de informacións.

A educación para a convivencia tamén ten unha dimensión medioambiental. A conciencia de que somos parte da natureza, en continua interacción co entorno, axuda a entender que todos nos necesitamos.

III.- APORTACIÓNS PARA AS NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO

3.1.- PLAN DE ACOLLIDA PARA O ALUMNADO

a) de nova incorporación

Obxectivos:

- Diseñar unha serie de actuacións para conseguir con rapidez a integración dunha alumna ou alumno recién chegado ó centro (ben sexa nos primeiros días do curso, ben sexa co curso comezado).
- Consegir que todo o profesorado estea informado da historia educativa dese alumnado.
- Consegir que os pais ou titores legais e o propio alumnado estean informados do funcionamento e organización do centro educativo.

Medidas de actuación:

Primeira toma de contacto co centro:

- Facilitarase a documentación necesaria para formalizar a matrícula.
- Un compoñente do equipo directivo (preferentemente o/a xefe de estudos) informará á familia e ó alumno/a sobre as seguintes cuestións:
 - Horario xeral.
 - Períodos de vacacións.
 - Normas internas.
 - Control de asistencia.
 - Sistema de avaliación e boletín informativo que reciben as familias.
 - Hora de atención aos pais.
 - Material escolar necesario.
 - Servizos complementarios do centro: transporte, comedor, actividades extraescolares...
- Entregarase o folleto informativo do centro, e facilitaráselles unha copia da carpeta de documentación de inicio de curso para as familias, dos titores .

Ao remate da entrevista, o compoñente do equipo directivo, ou conserxería, ensinará á familia ao alumno ou alumna as instalacións do centro: biblioteca, laboratorio, polideportivo, departamentos, aula de música, aula de informática,...

Nese mesmo día ou no seguinte desenvolveráse unha entrevista co orientador na cal se recollerá unha información máis precisa sobre a súa procedencia, escolarización previa, situación laboral e familiar, intencións de futuro, datos médicos (se é o caso), nivel de coñecementos da lingua castelá e galega, valorando xa nun primeiro momento se é un alumno ou alumna con necesidade de apoio ou adaptación docente.

Esta información poñeráse en coñecemento do titor/a. Asignarase ao alumno/a un compañeiro que fará o seu apadriñamento, para informarlle dos temas de interese para a incorporación e a vida no centro.

ESCOLARIZACIÓN

- En Primaria: o/a titor/a do nivel, o orientador e a xefa de estudos decidirán a clase na cal se vaia encadrar o alumno ou alumna.
- En Secundaria: o/a titor/a, o orientador e a xefa de estudos decidirán a clase na cal se vaia encadrar o alumno ou alumna e o lugar que vai ocupar nun primeiro momento dentro da mesma. Despois cada profesor ou profesora pódelle indicar o asento que crea conveniente.

Se hai grandes controversias – na ubicación do grupo - reunirse o equipo docente dese nivel e tomará unha decisión definitiva.

O PRIMEIRO DÍA DE CLASE:

Previamente o titor ou titora preparará o grupo/clase falando da próxima incorporación dun novo alumno ou alumna estimulando a acollelo dun xeito o máis positivo posible: que lle ensinen o centro, as saídas e as entradas, as fotografías de actividades feitas durante o curso...

En Secundaria se o titor ou titora non coincide co seu grupo de titorandos neses días, un profesor ou profesora fará ese labor preparatorio (será a xefa de estudos quen o nomeará). Nese caso, o alumno ou alumna poderá ter o seu primeiro contacto co seu titor ou titora no recreo.

Preferentemente a xefa de estudos ou o orientador – xa que tivo contactos previos con eles- levará ó alumno ou alumna á súa clase de referencia (entregándolle previamente o horario dese grupo).

Unha vez na clase, o primeiro que fará o titor ou no seu caso o profesor nomeado será presentalo aos compañeiros e compañeiras, dándolle a benvida e explicándolle onde se vai sentar e o nome do seu compañeiro ou compañeira.

SUXESTIÓNS PARA REALIZAR NA AULA NO CASO DE SER UN ALUMNO OU ALUMNA PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO ou doutra comunidade autónoma distinta da galega.

- Facer que o alumno nos dea a coñecer a súa cultura: música, comida....
- Que informe sobre o seu sistema educativo.
- Como se saúdan, despiden.... na súa terra.
- Aproveitar para ver cintas de vídeo relacionadas cos países de orixe.

AVALIACIÓN DESTE PLAN:

Podemos valorar nunha reunión de coordinación pedagóxica e na reunión dos titores se:

- É suficiente ou insuficiente a información achegada ás familias, ò alumno ou alumna e ó profesorado.
- Sobre o éxito do agrupamento.
- Sobre o nivel de integración do alumno ou alumna.
- Sobre melloras que debemos incluír no futuro...

b) do propio centro: por cambio de etapa.

O alumnado de 6º de infantil, que se incorpora a 1º de educación primaria, e o alumnado de 6º de primaria que se incorpora a 1º da ESO tamén precisa dunha acollida no propio centro.

Sería conveniente realizar unha xornada de acollida no centro no final de curso e antes do inicio de cambio de etapa para conseguir unha integración máis rápida e eficaz nunha nova etapa que posúe características diferenciadoras. Asemade, durante o curso realizaranse actividades complementarias e extraescolares que permeabilicen a transición entre etapas.

3.2.- PLAN DE ACOLLIDA PARA O PROFESORADO

Lugar: Secretaría:

- Presentación do profesor/a no centro e entrega de credencial de "TOMA DE POSESIÓN".
- Cubrir en secretaría ficha de datos.
- Entrega "carné de identidade" do centro.

Lugar: Dirección:

- Presentación dos membros do equipo directivo.
- Entrega de horario, se é o caso.
- Información, se é o caso, sobre aloxamento, alugueiros, transporte (ATSA), lugares para comer.
- Facer ficha
- Entrega da USB de acollida-documentación.
- Entrega de chaves.
- Información sobre o alumnado con diagnósticos ou dificultades de aprendizaxe aos que dará clase, a partir da conversa con orientación. (Base de datos)
- O compoñente dispoñible do equipo directivo, preferentemente a xefatura de estudos, mostra as instalacións, preséntao/a ao persoal do centro.

ÍNDICE da información facilitada en USB o carpeta.

Apartados

I.PRESENTACIÓN XERAL DO CENTRO

- Tríptico o Organigrama
- Plans e proxectos nos que participa o centro si hai
- Grupos de traballo do centro nese momento ou curso
- Plano da vila de Castro Caldelas

II.NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- Gardas
 - Reserva das aulas específicas: aula de informática
 - Uso e funcionamento da biblioteca
 - Procedemento para levar a cabo as actividades complementarias e extraescolares
 - Protocolo de actuación ante un accidente
 - Saídas do alumnado do centro en horario escolar
 - Informacións e recomendacións para realizar as compras escolares
 - Plan de evacuación: saídas de emerxencia
 - Acceso aos documentos do centro: regulamento do réxime interno, plan de convivencia, Club de lectura...
 - Actividades e actos consolidados no centro
 - Modelos de documentos: Parte de incidencia ...
- III. RÉXIME DISCIPLINARIO DO CENTRO
- Mediación e lugar da palabra
- IV. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- Protocolos de actuación
 - Reunión de coordinación dos titores/as
- V. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS
- Horario de atención
 - Información sobre a marcha académica do seu fillo/a.
 - Partes de incidencia ou outras faltas.
 - Información faltas de asistencia do seu fillo/a
- VI. ALUMNADO
- Rexistro de ausencias (faltas de asistencia)
 - Criterios de promoción e titulación
- VII. O PROFESORADO
- Comunicación de imprevistos
 - Faltas de asistencias
 - Xustificacións

3.3.-NORMAS E PROCEDEMENTOS DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS:

Lugares da palabra e mediación.

No centro existe a posibilidade de xestionar os conflitos a través do uso dos lugares da palabra (negociación) ou do servizo de mediación. Non son procedementos excluíntes respecto ao sistema ordinario de xestión da disciplina, senón que permiten outra vía alternativa e complementaria. Son estratexias de resolución de conflitos onde se crea un contexto onde afrontar os problemas de forma pacífica e asertiva.

PROCEDIMENTO PARA O USO DO LUGAR DA PALABRA.

O lugar da palabra é un espazo pensado para a autorreflexión onde os alumnos e alumnas poden resolver pequenos conflitos que xurdan da interacción entre iguais.

- Como se pode facer uso del?

- 1.-Se o alumno ou alumna está na aula, terá que falar co profesor ou profesora e solicitarlle o uso do lugar da palabra. El ou ela considerará cal é o momento oportuno (preferentemente no recreo).
- 2.- Será un ou dous compañeiros/as de aula que non estiveran influenciados/as polo conflito e que sexan imparciais.
- 3.-Deberán respectar os compromisos de respectar as quendas de palabra e as normas que estableza o mediador/a.
- 4.-O mediador ou mediadores entregarán no departamento de orientación a ficha de rexistro de incidencias.

PROCEDIMENTO PARA O USO DO SERVIZO DE MEDIACIÓN:

A mediación é un xeito pacífico de resolver os conflitos entre dúas partes, no que unha terceira parte neutral (o/a/os/as mediador/a/es/as) axudan a que se atope unha solución. É un proceso voluntario e confidencial. As persoas que accedan á mediación deben amosar unha actitude de respecto entre eles, de escoita e de diálogo. O alumnado mediador non propón solucións, senón que axuda ás persoas en conflito a chegar por si mesmas a un acordo satisfactorio.

1.- Os usuarios acoden voluntariamente ao departamento de orientación. O orientador valora se o problema é asunto de mediación. En caso afirmativo, cumpríméntase a “ficha de solicitude” e explícaselles ás partes en conflito como vai ser todo o proceso.

A primeira decisión que toman as partes é a elección do mediador ou mediadora.

2.- Procédese á PREMEDIACIÓN.- Comeza a actuación do/dos mediadores coas reunións por separado coas partes. Cumpríméntase nesta fase os “Compromisos iniciais cara á mediación” e o “informe de premediación”. Este paso terá lugar na sala de mediación e preferentemente en horario de recreo.

3.- Ten lugar a MEDIACIÓN propiamente dita. É a xuntanza de todos: mediadores e partes. O obxectivo é acadar un acordo satisfactorio para todos. Cóbrense a ficha “Rexistro de acordo” e establécese o prazo de seguimento e avaliación.

4.- Nesta última reunión revísanse os acordos que poden ser obxecto de revisión ou de confirmación en caso satisfactorio. Péchase a mediación. Cóbrense o cuestionario de seguimento e arquívase no departamento de Orientación, terán carácter confidencial.

5- Existen dous procedementos diferenciados de actuación: a mediación sen falta de disciplina (preventiva) e con falta de disciplina (resolutiva).

6.- No caso dunha mediación sen falta de disciplina: a xefatura de estudos non debe ser informada do resultado da mediación, todo o proceso é confidencial. Farase un seguimento e avaliación do acordo internamente nas sesións de coordinación.

7.- No caso dunha mediación con falta de disciplina: o inicio dun proceso mediador paralizará, no seu caso, o procedemento correctivo previsto neste regulamento.

- A xefatura de estudos e o titor deben ser informados do resultado da mediación mais non do proceso.
- O cumprimento dos acordos de mediación será tido en conta como atenuante en caso de sanción.
- O incumprimento dun acordo de mediación será considerado como agravante en caso de sanción. No caso de que non resulte satisfactorio, o problema derivarase de novo á xefatura de estudos.
- Impedirase o acceso ao servizo de mediación ao alumnado que, logo de facer uso reiterado da mediación, non cumpra os acordos sinalados.

En anexos ver as follas de rexistro para os lugares da palabra e a mediación.

3.4.- CRITERIOS DE ACTUACIÓN ANTE O ACOSO ESCOLAR. PREVENCIÓN E TRATAMENTO

3.4.I.- INTRODUCCIÓN- Lexislación

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, establece: Artigo 28- 29 e 30 o Acoso escolar.

Para os efectos desta lei, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Artigo 29.

Protección integral das vítimas.

1. A dirección dos centros docentes e os titulares dos centros concertados e dos centros privados, así como a Administración educativa, adoptarán as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

2. A protección da vítima garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

Artigo 30.

Medidas para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar

1. O Goberno galego, a través dos departamentos competentes en materia educativa e benestar, elaborará un protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar, coa dotación orzamentaria necesaria para a súa implantación. Recollerase de xeito explícito a integración da perspectiva de xénero para poder previr eficazmente situacións de acoso das nenas e mozas.

2. O noso plan de convivencia inclúe un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, en función das previsións solicitadas na lei 4/2011:

a) Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el cos programas anteriormente descritos.

b) Determinación das medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. Estipuladas no capítulo V das normas de funcionamento de centro. En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

c) Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

3. Cando por razón das circunstancias ou da gravidade da situación de acoso se faga preciso, poderase prever a intervención de persoas mediadoras alleas ao persoal do centro, que serán designadas pola Administración educativa.

4. As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a elas.

No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.

5. O departamento competente en materia educativa, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, poñerá en marcha campañas de información e sensibilización para incentivar a cultura da paz e previr o acoso escolar. Igualmente a Xunta de Galicia velará para que nos medios de comunicación de Galicia se ofrezca un tratamento axeitado das noticias sobre acoso escolar.

3.4.2.-IDENTIFICACIÓN DO ACOSO ESCOLAR:

a) Criterios de identificación do acoso escolar

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima.

Os criterios son:

1. A existencia de intención de facer dano. Debe existir unha vítima concreta, indefensa e una persoa agresora que lle fai dano conscientemente.

2. A repetición das condutas agresivas. A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente. Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma

recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo.

É un tipo de violencia difícil de identificar, isto é debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, pero o alumnado si ten coñecemento dos sucesos.


3. A duración no tempo, co establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.

Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. É unha situación desigual, de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.

b) Tipos de acoso escolar

Para poder identificar unha situación de acoso, é necesario coñecer tanto as súas formas coma as súas consecuencias. Respecto das formas de acoso, temos que ter presentes manifestacións de maltrato tanto verbal –a través de insultos, alcumes, desprestixio...– coma físico contra a persoa vítima ou os seus obxectos persoais. Tamén hai que ter en conta posibles situacións de intimidación, tales como ameazas, chantaxes, roubos... e, por último, situacións de illamento.

De xeito esquemático podemos considerar os seguintes tipos ou manifestacións do acoso (informe do Defensor do Pobo - UNICEF, 2000 e 2007):



- *Exemplos de manifestación cando se produce exclusión e marxinación social:*

Minan a autoestima da persoa e fomentan a súa sensación de temor, rexeitamento, marxinación, humillación, ridiculización das súas opinións, burlas, acoso ou xestos de asco, desprezo ou agresividade dirixidos contra a vítima, pretende illar á persoa do resto do grupo e compañeiras ou compañeiros, no grupo e no centro. Exclusión,

non dirixirle a palabra, difusión de rumores e calumnias contra a vítima e o seu aspecto... na súa presenza ou na súa ausencia, comentarios relativos sobre o grupo ao que pertence (sexo, raza, relixión...), outros.

- *Exemplos de manifestación cando se produce agresión verbal:* Palabras insultantes, humillacións, alcumes, ameazas, provocacións, desprestixio ou difusión de falsos rumores, menosprezos e ridiculización en público, resaltar defectos físicos, outros.
- *Exemplos de manifestación cando se produce agresión física:* Incomodar (descolocarlle as cousas, tirar da roupa), intimidacións (ameazas de violencia física, amago de pegarlle...), manifestase a través de agresións leves ou graves directas (asustar, golpes illados, empurróns, patadas, puñados, beliscos, golpes, tundas, pegar...), extorsións, furtos, roubos, danar as pertenzas da vítima, agocharlle as cousas (maltrato indirecto) e ata o uso de calquera obxecto para arremeter contra a persoa, outros.

Algunhas destas manifestacións de acoso poden exercerse a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC): teléfono móbil, redes sociais... (ciberacoso).

- *Exemplos de manifestación a través das TIC:* mensaxes de móbil ofensivas, intimidatorias ou non desexadas; correos electrónicos ofensivos, intimidatorios ou non desexados; utilización da súa imaxe sen permiso, gravacións de sucesos co móbil sen permiso, outros.

Os momentos e os lugares, e mesmo os medios, nos que pode producirse o acoso son múltiples: durante o recreo e nos patios; na fila; nos baños, nos corredores...; na aula, cando a profesora ou o profesor mira o encerado para dar unha explicación ou mentres se atende a algunha alumna ou alumno; nos cambios de clase; no comedor; no transporte escolar; nas entradas o saídas do centro; no exterior do centro; a través do móbil (mensaxes, chamadas anónimas...); por internet, a través das redes sociais, chat ou correo electrónico, outros.

c) Consecuencias do acoso escolar

A posibilidade da existencia de acoso escolar moitas veces manifestase no cambio de conduta da persoa que o está a sufrir, polo tanto haberá que estar alerta, tanto no centro educativo como na familia. Amósanse a continuación unha serie de posibles indicadores que, entre outros, poden poñer de manifesto a existencia desta situación.

3.4.3.- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

A persoa responsable da dirección do centro ou, de ser o caso, calquera outro membro do equipo directivo por delegación expresa daquel dirixirá todas as actuacións que se deriven do desenvolvemento do presente protocolo.

O protocolo de actuación ten por obxecto que o profesorado dun centro educativo saiba como actuar nos posibles casos de acoso, pois é imprescindible que se actúe de xeito inmediato e decidido tanto co alumnado implicado (vítima, agresor ou agresores e espectadores) coma coas súas familias.

Primeira fase: Coñecemento da situación. Identificación e comunicación:

a) Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar (anexo I)

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas, por calquera medio, dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna ten a obriga de poñelo en coñecemento da persoa ou persoas directamente responsables do menor no centro educativo, quen lle trasladará a información ao director ou directora. É imprescindible coidar a confidencialidade e a discreción nos procesos de comunicación.

Esta primeira comunicación da situación poderá facerse de diferente forma, dependendo da persoa que sexa coñecedora desta:

- **Alumnado:** caixa de reclamacións, queixas e suxestións do centro, aula de titoría, comunicación verbal a un adulto.
- **Familia:** caixa de reclamacións, queixas e suxestións do centro, atención de titoría a pais/nais, comunicación verbal ao profesorado do centro ou á persoa responsable da dirección.
- **Profesorado:** comunicación á persoa titora dos alumnado implicados e/ou á persoa responsable da dirección.
- **Persoal de administración e servizos:** comunicación ao titor do alumnado implicado e/ou á persoa responsable da dirección.
- **Persoas alleas ao centro:** comunicación directamente á persoa responsable da dirección.

A continuación, rexistrárase de forma escrita a comunicación desta posible situación de acoso escolar mediante o emprego do anexo I. Neste documento recóllese información sobre a persoa ou persoas que primeiro teñen coñecemento da situación e de como se produce esta, así como do alumnado implicado nesta. En calquera caso, o receptor ou receptora da información sempre informará ao director ou directora ou, na súa ausencia, a algún membro do equipo directivo.

b) Medidas urxentes de protección á presunta vítima

Ao mesmo tempo, a persoa responsable da dirección do centro establecerá as medidas urxentes oportunas de protección á presunta vítima. Debe primar sempre o interese da presunta vítima sobre calquera outra consideración.

Entre estas medidas urxentes poderán adoptarse as seguintes:

- Vixilancia específica das persoas indicadas.
- Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.
- Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causantes da posible situación de acoso.
- Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
- Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.

e) Colaboración coa familia e con outros axentes educativos do entorno.

É necesario tender pontes de comunicación entre a escola e a familia, buscando a súa colaboración, facilitando a información e formación e levando a cabo as actividades propostas a partir do programa familia dona de recursos, detallado neste plan de convivencia.

Utilización das vías de comunicación directa coas familias a través da ANPA, e dos representantes no consello escolar, tendo en conta as súas propostas e opinións. Entender o centro coma un centro aberto, en conexión coa vila e co seu entorno próximo, pois están intercomunicados, de forma que o centro inflúa nesa realidade sistémica e se deixe permeabilizar cara a aquelas situacións educativas que emerxen do propio entorno, que tamén contribúe a educar. Coma exemplo destas posibilidades podemos falar da colaboración co axente de igualdade do concello ou a saída do centro con save the children, entre outras moitas.

4.2.- Aspectos organizativos e proceso de posta en práctica.

O plan de convivencia forma parte do proxecto educativo do centro, e debe ser asumido como un proxecto de todos/as. Na programación xeral anual inclúense as actuacións previstas no plan de convivencia para cada ano académico, determinando as áreas de mellora e as intervencións anuais.

O observatorio de convivencia ten entre outras funcións a de dinamizar o plan de convivencia do centro.

Outros impulsores do plan de convivencia son o grupo de convivencia, constituído como grupo de traballo, o orientador en colaboración cos titores/as, que elaboran e poñen en práctica o plan de acción tutorial, o profesorado que posúe dispoñibilidade horaria na dinamización de convivencia.

As áreas de educación para a cidadanía tanto de primaria, coma de secundaria, o proxecto interdisciplinar, os temas transversais do currículo, e o plan de acción tutorial, son espazos especialmente idóneos para traballar e levar adiante este plan de convivencia, sen esquecer que a colaboración do resto do profesorado tamén é fundamental para conquistar os obxectivos que nos plantexamos.

4.3.- Seguimento e avaliación do plan de convivencia.

Para facer o seguimento e avaliación do plan de convivencia habería que ter en conta:

- As valoracións feitas nas sesións de avaliación .
- As valoracións feitas nas reunións do observatorio de convivencia.
- As valoracións feitas nas reunións de titores/as, xefatura de estudos e orientador.
- As valoracións feitas nas reunións de niveis, ciclos e dptos didácticos.
- As valoracións feitas nas reunións do grupo de traballo.
- A redución do número de conflitos.
- aumento da autonomía á hora de solucionar os seus conflitos.
- Participación no uso dos servizos de mediación e diálogo.

Na memoria anual de centro reflectirase a avaliación do plan de convivencia, analizando o proposto ao inicio do ano na programación xeral anual. Esta memoria será realizada pola xefatura de estudos e o departamento de orientación en colaboración co observatorio de convivencia.

V.- ANEXOS

5.1.- follas de rexistro para os lugares da palabra e a mediación.

5.2.- follas para o acoso escolar

- **Anexo cero.** Esquema gráfico do Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar
- **Anexo I.** Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar
- **Anexo II.** Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima
- **Anexo III.** Primeira comunicación á familia da presunta vítima
- **Anexo IV.** Primeira comunicación á familia da persoa ou persoas presuntamente acosadora/s
- **Anexo V.** Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación (diligencias previas e instrutora do expediente disciplinario sobre acoso escolar)
- **Anexo VI.** Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos
- **Anexo VII.** Recollida inicial de información
- **Anexo VIII.** Comunicación e cuestionario de entrevista á persoa acosada/vítima
- **Anexo IX.** Comunicación e cuestionario de entrevista individual á persoa ou persoas acosadora/s
- **Anexo X.** Comunicación e cuestionario de entrevista individual ás persoas observadoras ou espectadoras
- **Anexo XI.** Comunicación e cuestionario de entrevista á familia da vítima
- **Anexo XII.** Comunicación e cuestionario de entrevista á familia ou familias da persoa ou persoas agresora/s
- **Anexo XIII.** Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico ao departamento de orientación do centro
- **Anexo XIV.** Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico a outros organismos (especialmente en situacións de ciberacoso)
- **Anexo XV.** Rexistro da análise da información
- **Anexo XVI.** Proposta de medidas que se van adoptar
- **Anexo XVII.** Esquema de tramitación e prazos do expediente disciplinario
- **Anexo XVIII.** Modelos para o procedemento e proposta de resolución do expediente disciplinario (conciliado e común)
- **Anexo XIX.** Comunicación á Inspección Educativa
- **Anexo XX.** Rexistro do seguimento e avaliación das medidas adoptadas
- **Anexo XXI.** Denuncia a Servizos Sociais
- **Anexo XXII.** Denuncia á Fiscalía de Menores

5.1.- FOLLAS DE REXISTRO PARA OS LUGARES DA PALABRA E A MEDIACIÓN



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CPI VIRXE DOS REMEDIOS

Rúa O Toural S/N
32760 Castro Caldelas (Ourense)
* 988203089 ☎ 988 203089
cpi.virxe.remedios@edu.xunta.es

SERVIZO DE MEDIACIÓN

DOCUMENTO: COMPROMISOS INICIAIS CARA A MEDIACIÓN

O presente contrato ten como finalidade encauzar axeitadamente o tempo de mediación e aumentar o seu compromiso con todo o proceso.

O contrato realízase de común acordo entre os protagonistas do conflito, asumindo cada un dos cinco compromisos que a continuación se describen:

- 1.- Durante as reunións comprometémonos a manter unha actitude de respecto, escoita activa e diálogo.
- 2.- Comprometémonos a gardar unha estrita confidencialidade sobre os asuntos tratados nas reunións.
- 3.- Comprometémonos a responder a un cuestionario que 20 días despois de finalizar o Servizo che pasaremos para avaliar o teu grao de satisfacción e a eficacia da mediación.
- 4.- Comprometémonos a cooperar na busca de solucións.
- 5.- Comprometémonos a asistir ao lugar e hora prevista no proceso de mediación.

Estando de acordo as partes en responsabilizarse e en cumprir estas cinco condicións asinamos voluntariamente este documento entendendo o valor que supón adquirir este compromiso.

Asdo.

Asdo.

REGISTRO DE ACORDO PARA A MEDIACIÓN

Este documento recolle os compromisos e acordos entre as partes do conflito.

Parte 1:

Parte 2:

O presente acordo volverá a ser revisado no prazo de:

SOLICITUDE DO PROCESO DE MEDIACIÓN

Data :

Nome e apelidos do solicitante:

Curso: Titor/a:

Persoa que deriva (titor/a, xefe de estudos, compañeiros, por propia iniciativa...):

I. Cal é o conflito? (problemas de comunicación e malas relacións; por intereses/necesidades/ por recursos/ por preferencias/crenzas...)

- Algunhas preguntas-guía:
- Cando apareceu o conflito:
- Trátaches de buscar ti algunha solución:
- Como che foi:
- Frecuencia do conflito (días, semanas, meses):
- Resposta dos teus compañeiros/as de clase:
- Que lle interesa resolver á parte A e á parte B:

II. Marcar as pautas de por que non é posible o si é factible:

A) Conflito non mediable :

- Non hai participación voluntaria.
- Alguén asiste coaccionado
- Hai falta grave.
- Non hai ánimo de colaborar.
- Necesita unha intervención psicolóxica previa.
- Os protagonistas non están en condicións de falar.
- Outros:

B) Conflito mediable:

III. Quen son os implicados no conflito (protagonistas, relación entre eles, terceiras persoas...):

Realizar mapa do conflito.

IV: Proposta de mediadores/as:

INFORME DE PREMEDIACIÓN

Data:

Nome e apelidos do alumno/a:

Curso:

Descrición xeral do conflito:

- Canto tempo leva o conflito?

- Que relación teñen as partes en conflito? (moita/pouca, amizade/hostilidade..)

- En que momento se atopa? (polarizado/latente/relaxado...)

- Que actitude manifestan? (fuxida/ enfrontamento/ calma/ emocionalidade...)

- Que sentimentos manifestan?

- Apréciase a intención de resolvelo?

- Teñen algunha idea ou proposta para solucionalo?

O MEDIADOR/A OU MEDIADORES/AS (Nome ou Nomes):

CUESTIONARIO DE SEGUIMIENTO

Persoa implicada:

Curso:

Data dos acordos:

Suliña a opción máis acertada:

1.- En xeral, a mediación foi:

nada útil algo útil moi útil

2.- Despois da mediación, o problema polo que vin está agora:

peor igual mellor

3.- Pensas que os mediadores foron correctos contigo?

Nunca algunhas veces sempre

4.- Se tiveras algún problema no futuro , voltarías a usar a mediación outra vez?

Non si talvez

5.- Despois da mediación, apareceu algún outro problema novo?

Non non estou seguro si

6.- Se algún compañeiro ou compañeira túa se atopara con problemas, aconsellaríaslles que viñera a mediación?


Non talvez si

Queres engadir algo:

MOITAS GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN.

5.2.- Follas ANEXOS para o acoso escolar

Anexo cero. Esquema gráfico do Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar



ANEXO I COMUNICACIÓN SOBRE UNHA POSSIBLE SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR

Nome do centro educativo:

Marcar cunha cruz:

Persoa que comunica a situación de posible acoso escolar.

Profesor ou profesora do grupo	Persoa agredida	Servizos sociais
Outro profesorado	Outras alumnas ou alumnos	Titor ou titora
Outros (especificar):	Orientadora ou orientador	Denuncia anónima
Persoal non docente	Persoa observadora/espectadora externa	Familiares do/a alumno/a agredido/a
Servizos médicos	Outros:	

Vía de coñecemento e comunicación da situación:

Observación directa	Titoría de pais/nais (PAT)
Caixa de suxestións do centro	A través dun medio telemático (especificar):
Reunión de titores de nivel/ciclo (PAT)	Titoría de alumnado (PAT)
Reunión de titores de nivel/ciclo (PAT)	Outros (especificar):

Alumno acosado ou alumna acosada (posible vítima):

<p>Nome e apelidos (ou iniciais destes):</p> <p>Indicar sexo: Muller <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/></p> <p>Curso e grupo:</p>
--

Alumno acosador ou alumna acosadora (posible agresor ou agresora):

Nome e apelidos (ou iniciais destes):

Indicar sexo: Muller Home

Curso e grupo:

Breve descrición dos feitos (*debe concretarse o máximo posible o lugar e a data en que tiveron lugar*):

1º

2º

3º

....., de de
Sinatura 1
(*Persoa que comunica a situación**)

Sinatura 2
(*Persoa receptora da demanda*)

** (No caso de que a persoa que comunica a situación non poida ser identificada, figurará a sinatura da persoa responsable da dirección do centro, como persoa que rexistra a situación).*

ANEXO II

NOMEAMENTO DA PERSOA REFERENTE DE AXUDA Á VÍTIMA

(Normalmente será unha persoa con formación e sensibilidade coa temática e, sobre todo, que sexa de confianza para a vítima. Pode ser o orientador ou orientadora do centro, un profesor ou unha profesora membro da Comisión de convivencia, un membro do equipo directivo ou calquera outro profesor ou profesora próximo)

Estimado/a señor/a D/D^a *(nome e apelidos do profesor ou profesora)*: Como profesor/a que é do *(nome do centro)*, diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que, logo da recepción dunha denuncia por posible acoso escolar sufrido polo/a alumno/a, por parte da Dirección do centro, se decidiu que sexa vostede a persoa que, conforme o protocolo establecido ao respecto, se faga responsable de acompañar a vítima e de lle servir de axuda durante todo o proceso do citado protocolo e, de ser o caso, no transcurso da tramitación do expediente disciplinario que poida derivar da investigación dos feitos denunciados.

Neste sentido, dáselle traslado da denuncia e do alumnado implicado para que, con carácter inmediato e conforme o protocolo de actuación establecido, inicie os primeiros contactos de acompañamento e axuda ao/á alumno/a mencionado/a. Da información que poida obter deste acompañamento e que se considere relevante para o esclarecemento dos feitos, manterá informada a persoa responsable da tramitación e/ou a persoa que ocupa a Dirección do centro.

Igualmente, queda convocado/a á reunión que se manterá o próximo día, ás horas, no deste centro, co obxecto de ofrecerlle a información oportuna sobre a situación.

..... de de

Sinatura
(O/A director/a)

Recibín
(Sinatura da persoa nomeada)

ANEXO III

PRIMEIRA COMUNICACIÓN Á FAMILIA DA PRESUNTA VÍTIMA

Estimado/a señor/a D/D^a *(nome e apelidos da nai, pai ou persoa titora legal do alumno ou alumna)*:

Como persoa responsable da Dirección do
..... *(nome do centro)*, diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que recibimos unha denuncia dunha posible situación de acoso escolar que está a ser sufrida polo/a seu/súa fillo/a
....., tal como foi informado *(facer mención expresa da comunicación anterior, do medio empregado e da data en que se efectuou)*, e de convocalo a unha reunión urxente que se vai desenvolver o próximo día....., ás horas, no..... deste centro, coa finalidade de informalo/a dos feitos acontecidos, das actuacións e medidas de urxencia adoptadas polo centro para a protección do/a seu/súa fillo/a e do protocolo que se vai seguir para esclarecer os feitos ata a súa conclusión.

As medidas provisionais para a súa protección, adoptadas ante a gravidade das condutas que cómpre corrixir, consisten en:

.....
.....

Coa finalidade de recompilar toda a información posible que contribúa ao adecuado desenvolvemento do protocolo, proximamente solicitarase a súa colaboración e será convocado/a a unha nova entrevista.

Así mesmo, será informado/a puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que poidan afectarlle ao/á seu/súa fillo/a.

....., de de

Sinatura
(O/A director/a)

Recibín e fun informado/a
Sinatura 1 Sinatura 2

(Sinatura do representante ou representantes legais do alumno ou alumna)

ANEXO IV
PRIMEIRA COMUNICACIÓN Á FAMILIA DA PERSOA OU PERSOAS
PRESUNTA/S AGRESORA/S

Estimado/a señor/a D/D^a *(nome e apelidos da nai, pai ou persoa titora legal do alumno ou alumna):*

Como persoa responsable da Dirección do
..... *(nome do centro)*, diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que recibimos unha denuncia por posible acoso escolar na que aparece implicado/a o/a seu/súa fillo/a, tal como foi informado *(facer mención expresa da comunicación anterior, do medio empregado e da data en que se efectuou)*, e de o convocar a unha reunión urxente que se vai desenvolver o próximo día, ás horas, n o..... deste centro, coa finalidade de informalo/a dos feitos acontecidos, das actuacións e medidas de urxencia adoptadas polo centro e do protocolo que se vai seguir para esclarecer os feitos ata a súa conclusión.

As medidas provisionais para a súa corrección, adoptadas ante a gravidade das condutas que cómpre corrixir, consisten en:

.....
.....

Coa finalidade de recompilar toda a información posible que contribúa ao adecuado desenvolvemento do protocolo, proximamente solicitarase a súa colaboración e será convocado/a a unha entrevista.

Así mesmo, será informado/a puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que poidan afectarlle ao/á seu/súa fillo/a.

....., de de

Sinatura
(O/A director/a)

Recibín e fun informado/a
Sinatura 1 Sinatura 2

(Sinatura do representante ou representantes legais do alumno ou alumna)

ANEXO V

NOMEAMENTO DA PERSOA RESPONSABLE DA TRAMITACIÓN E INSTRUTOR DO EXPEDIENTE DISCIPLINARIO (DE SER O CASO)

(Normalmente será unha persoa con formación e sensibilidade coa temática, pode ser o orientador ou a orientadora do centro, un profesor ou unha profesora membro da Comisión de Convivencia, un membro do equipo directivo ou calquera outro profesor ou profesora)

Estimado/a señor/a D/D^a *(nome e apelidos do profesor ou profesora)*: Como profesor/a que é do *(nome do centro)*, diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que, logo da recepción dunha denuncia por posible acoso escolar sufrido polo/a alumno, a Dirección do centro decidiu que sexa vostede o que, conforme o protocolo establecido ao respecto, se faga responsable da posta en marcha das actuacións recollidas no citado protocolo e, de ser o caso, da tramitación do expediente disciplinario que poida derivar da investigación dos feitos denunciados.

Neste sentido, dáselle traslado da denuncia e do nome do alumnado implicado para que, con carácter inmediato e conforme o protocolo de actuación establecido, inicie os trámites oportunos e manteña informada de todas as actuacións efectuadas a persoa que ocupa a Dirección do centro.

Igualmente, queda convocado/a á reunión que se manterá o próximo día....., ás horas, no..... deste centro, co obxecto de ofrecerlle a información oportuna sobre a situación.

..... de de

Sinatura
(O/A director/a)

Recibín
(Sinatura da persoa nomeada)

ANEXO VI
COMUNICACIÓN A OUTROS PROFESIONAIS EDUCATIVOS
E/OU AXENTES EXTERNOS

Estimado/a señor/a D/D^a (*nome e apelidos do profesional a quen vai dirixido e do que se solicita colaboración*), como membro do (*nome do organismo, EOE, inspección*)

Como persoa responsable da Dirección do
..... (*nome do centro*), diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que, logo da recepción da denuncia dunha posible situación de acoso escolar que está a sufrir un/unha alumno/a do noso centro educativo, precisamos a súa colaboración para

_ (*Recopilar toda a información posible que contribúa ao adecuado desenvolvemento do protocolo establecido no centro ante situacións deste tipo.*)

_ (*Solicitar o seu apoio técnico, necesario para un adecuado desenvolvemento do protocolo establecido no centro ante situacións deste tipo.*)

_ (*Outros motivos :*)

Por esta razón, convócoo/a a unha reunión urxente que se realizará o próximo día....., ás horas, no deste centro, co obxecto de ofrecerlle a información oportuna sobre a situación e solicitar a súa colaboración nalgúns aspectos do protocolo que se está a desenvolver.

Así mesmo, será informado/a puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que poidan requirir do seu coñecemento para a adopción de actuacións que complementen o protocolo posto en marcha polo centro educativo.

....., de de

Sinatura
(O/A director/a)

Recibín e fun informado/a
(persoa da que se solicita colaboración)

ANEXO VII RECOLLIDA INICIAL DE INFORMACIÓN

Nome do centro educativo:

Data do requirimento da intervención:

Persoa que comunica a situación de posible acoso escolar:

.....

Nome e apelidos da vítima (ou iniciais desta):

Indicar sexo:

Nome e apelidos da persoa ou das persoas agresora/s (ou iniciais desta/s):

.....

Indicar sexo:

Tipo da agresión denunciada:

<p>1) Verbal</p> <p><input type="checkbox"/> Alcumes ofensivos</p> <p><input type="checkbox"/> Insultos</p> <p><input type="checkbox"/> Calumnia, desprestixio, falar mal</p> <p><input type="checkbox"/> Provocacións</p> <p><input type="checkbox"/> Ridiculización pública</p> <p><input type="checkbox"/> Outros</p>	<p>2) Físico</p> <p><input type="checkbox"/> Incomodar (empurróns, agresións leves)</p> <p><input type="checkbox"/> Pegar, agresións importantes</p> <p><input type="checkbox"/> Agachar cousas</p> <p><input type="checkbox"/> Romper cousas</p> <p><input type="checkbox"/> Roubar cousas</p> <p><input type="checkbox"/> Outros</p>
<p>3) Social</p> <p><input type="checkbox"/> Non dirixirle a palabra</p> <p><input type="checkbox"/> Illar no grupo e/ou no centro</p> <p><input type="checkbox"/> Ignorar</p> <p><input type="checkbox"/> Non deixar participar</p> <p><input type="checkbox"/> Ridiculizar as súas opinións, aspecto etc.</p> <p><input type="checkbox"/> Comentarios sobre o sexo, raza, relixión etc.</p> <p><input type="checkbox"/> Outros</p>	<p>4) Maltrato mixto</p> <p><input type="checkbox"/> Ameazas</p> <p><input type="checkbox"/> Chantaxe</p> <p><input type="checkbox"/> Extorsión, obrigar con ameazas</p> <p><input type="checkbox"/> Intimidacións</p> <p><input type="checkbox"/> Comentarios sobre sexo, raza,</p> <p><input type="checkbox"/> Outros</p>
<p>5) Acoso ou abuso sexual</p> <p><input type="checkbox"/> Físico</p> <p><input type="checkbox"/> Verbal</p>	<p>6) Outros:</p>

7) Novas tecnoloxías

- | | |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> Mensaxes nas redes sociais | <input type="checkbox"/> Correos electrónicos |
| <input type="checkbox"/> Mensaxes ao móbil | <input type="checkbox"/> Utilización da imaxe Outros |
| <input type="checkbox"/> Difamación nas redes sociais | <input type="checkbox"/> Gravacións de sucesos |
| <input type="checkbox"/> Chamadas anónimas ao móbil | |

Lugares e momentos onde se produce o maltrato:

- | | |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> No patio | <input type="checkbox"/> Na fila de entrada á clase |
| <input type="checkbox"/> Nos corredores | <input type="checkbox"/> Nos cambios de clase |
| <input type="checkbox"/> Na clase, en ausencia do/a profesor/a | <input type="checkbox"/> Nos baños |
| <input type="checkbox"/> Nos vestiarios do ximnasio | <input type="checkbox"/> No recreo |
| <input type="checkbox"/> Nas saídas do centro | |
| <input type="checkbox"/> Nas entradas do centro | |
| <input type="checkbox"/> Na clase, cando o profesor está a atender a algún alumno ou alumna | |
| <input type="checkbox"/> Na clase, cando o profesor está cara ao encerado para explicar | |
| <input type="checkbox"/> No móbil cando está na clase (wsp ou sms) | |
| <input type="checkbox"/> No móbil cando está na casa (wsp ou sms) | |
| <input type="checkbox"/> No comedor escolar | |
| <input type="checkbox"/> Por internet cando está no centro (redes sociais, chat ou correo electrónico) | |
| <input type="checkbox"/> Por internet cando está na casa (redes sociais, chat ou correo electrónico) | |
| <input type="checkbox"/> No camiño da casa ao centro | |
| <input type="checkbox"/> Por internet cando está en lugares de ocio (redes sociais, chat ou correo) | |
| <input type="checkbox"/> No exterior do contorno do centro (lugares de ocio e do barrio) | |
| <input type="checkbox"/> No transporte escolar | |

Outros:

Características do acoso que se detectan:

- | | | | |
|---|-----------------------------|---|------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Indefensión (1) | <input type="checkbox"/> Si | - | <input type="checkbox"/> Non |
| <input type="checkbox"/> Desequilibrio de poder (2) | <input type="checkbox"/> Si | - | <input type="checkbox"/> Non |
| <input type="checkbox"/> Repetición (3) | <input type="checkbox"/> Si | - | <input type="checkbox"/> Non |
| <input type="checkbox"/> Personalización (4) | <input type="checkbox"/> Si | - | <input type="checkbox"/> Non |
| <input type="checkbox"/> Invisibilidade (5) | <input type="checkbox"/> Si | - | <input type="checkbox"/> Non |
| <input type="checkbox"/> Outros (6) | <input type="checkbox"/> Si | - | <input type="checkbox"/> Non |

(1) INDEFENSIÓN: a vítima non responde ao maltrato, cala, amosa temor ao falar, no quere ir ao centro, cede ás ameazas e chantaxes.

(2) DESEQUILIBRIO DE PODER: a persoa agresora actúa en grupo, ten máis forza física, idade ou poder ca a vítima, presume das súas falcatruadas ante o grupo, considera mexericas a vítima.

(3) REPETICIÓN: dedúcese do número de ocasións en que se produce o acoso e/ou da súa duración no tempo.

(4) PERSONALIZACIÓN: a vítima é sempre a mesma, elíxese algunha característica súa diferencial e etiquétase.

(5) INVISIBILIDADE: o acoso prodúcese en ausencia de adultos ou en lugares (baños, vestiarios, recreos, entradas/saídas) de máis difícil control.

(6) OUTROS: existe documentación escrita de inxurias (mensaxes de teléfono, internet...), de lesións físicas ou hai evidencias destas lesións.

* Cada característica de acoso valorarase como SI ou NON. No caso de que a resposta sexa "Non o sabe/Non Contesta", reflectirase cun signo de interrogación (?) na columna que corresponda.

** O centro decidirá as persoas coas que consultar en función do caso concreto

Feitos observados:

1) Conduta observada. Data e lugar de realización. Implicados e testemuñas.
2) Conduta observada. Data e lugar de realización. Implicados e testemuñas.
3) Conduta observada. Data e lugar de realización. Implicados e testemuñas.
4) Conduta observada. Data e lugar de realización. Implicados e testemuñas.
5) Conduta observada. Data e lugar de realización. Implicados e testemuñas.
6) Conduta observada. Data e lugar de realización. Implicados e testemuñas.

..... , de de

Sinatura : *Persoa receptora da información (Responsable da tramitación)*

ANEXO VIII

ENTREVISTA COA VÍTIMA

Con este cuestionario preténdese obter información dende a perspectiva da vítima, así como tranquilizala e romper o seu illamento social, á vez que se lle amosa apoio e protección.

A persoa que empregue este cuestionario deberá ser especialmente coidadosa, amosar unha actitude receptiva e manifestar compromiso obxectivo na recollida da información. Debe contrastarse a veracidade da sospeita ao mesmo tempo que ofrecer apoio e escoita.

Terase en conta que pode non querer falar, polo que deberemos facilitar a súa comunicación cunha actitude comprensiva, deixándoa falar e aproximándose asertivamente, e que non se sinta cuestionada.

Debemos iniciar esta entrevista con preguntas xenéricas, abertas, de forma indirecta, de xeito que se relaxe e establecer un ambiente distendido, para logo centrar a entrevista nos supostos feitos e gañar a confianza do interlocutor (frases do tipo “estamos aquí para axudarche”, “todo o que falemos queda entre nós”, “non tes que sentirte culpable do que che pasa”... Nos casos de ciberacoso sexista e/ou sexual, preguntar sobre contidos deste tipo de acoso para verificalo). Rematarase amosando unha actitude tranquilizadora (frases do tipo: “esta situación vai cambiar”, “non estás só/soa nisto”, “podémosche axudar”...).

Algunhas preguntas tipo son as que se rexistran a continuación. Este cuestionario de preguntas é totalmente aberto e deberá adaptarse ás respostas que vaia dando a persoa entrevistada, coa finalidade de recadar a máxima información nun clima de seguridade para a vítima.

Nome e apelidos:

Curso e grupo:

Indicar sexo:

- **Cuestións para a recollida dunha información inicial** (Os datos permitirán saber como é a súa situación no centro):

1. Como te atopas na clase?

2. Sénteste integrado/a no centro?

3. Tes amigos?

4. Como son as relación cos teus compañeiros e coas túas compañeras?

5. Como son as relacións co profesorado?

6. E co persoal non docente?

7. Sabes en que consiste o acoso?

8. Son frecuentes estas situacións no centro? Cales son as máis habituais?

9. Por que cres que se dan este tipo de situacións?

10. Sufriches algunha destas situacións nalgunha ocasión?

• **Cuestións para analizar a situación ocorrida** (Trátase de que faga un relato do suceso no que se ve implicado. A partir da cuestión 11 son propias do ciberacoso)

- ***Preguntas persoais:***

1. Que foi o que aconteceu?

2. Cando sucederon os feitos?

3. Onde sucederon os feitos?

4. Repetiuse esta situación noutras ocasións?

5. Desde cando ocorre esta situación? Son feitos illados ou repítense?

6. Como te sentes ante estes sucesos?

7. Que fas ti para evitar o conflito?

8. Que fas ti cando ocorre?

9. Que fas ti para solucionar o ocorrido?

10. Que pensas que se podería facer para evitar que se reproducise unha situación similar?

11. Souben que hai mozos e mozas que se están a meter con outros/as por medio do móbil e de internet, ti sabes algo?

12. Que opinas disto? Por que cres que o fan?

13. Que fai a persoa que recibe estes insultos ou burlas? Que pensas que podería facer?

14. Coñeces a alguén que lle estea pasando?

15. Sabes de alguén que se burle dos demais ou que sufra burlas?

16. Ti sabes que no centro estamos para axudarnos e que non podemos permitir que isto lle suceda ao noso alumnado. Ocorreche algunha vez a ti? Estache a pasar?

17. O problema é con internet ou co teléfono móbil? Redes sociais, messenger, chat, correo electrónico, sms, mms, youtube...?

- ***Preguntas sobre a persoa ou persoas acosadora/s***

1. Sabes quen é a persoa que está a facer isto? É unha persoa soa ou son varias?

2. Como o sabes? Adoita ser moi difícil saber quen fai estas cousas, non?

3. A que se debe que o fixese ou fixesen?

- ***Preguntas sobre as persoas observadoras/espectadoras***

1. Hai máis persoas que o saben? Quen máis coñece a situación?

2. Por que o sabe? Contáchesllo ti?

3. Onde estaba esa persoa cando sucederon os feitos?

4. Como reaccionou ou reaccionaron as persoas que estaban presentes?

- **Que pensas que debería facer o profesorado do centro ou a Dirección para solucionar o problema?** (Informar o alumno ou a alumna das medidas urxentes de protección que se poden poñer en marcha para tranquilizar a vítima)

REGISTRO DE POSIBLES NOVAS CUESTIÓN XURDIDAS NA ENTREVISTA

REGISTRO DAS RESPOSTAS ÁS CUESTIÓN REALIZADAS NA ENTREVISTA

....., de de

Sinatura : *Persoa receptora da información (Responsable da tramitación)*

ANEXO IX

ENTREVISTA COA/S PERSOA/S ACOSADORA/S

Con este cuestionario preténdese obter información dende a perspectiva da/s persoa/s agresora/s, amosándolles a postura do centro de intolerancia ás agresións e facéndolles visualizar as consecuencias da súa conduta. No caso de seren varias as persoas acosadoras, faráselle unha entrevista individual a cada unha delas e por separado, intentando que non se comuniquen entre eles ata que se entreviste a todas. Previamente, deberáselle facer a entrevista á vítima.

A persoa que faga esta entrevista deberá ser especialmente coidadosa, amosar una actitude receptiva e manifestar compromiso obxectivo na recollida da información, adecuándoa ás características da situación e do/a agresor/a (líder, cómplice...). Deberá deixar claro que está contrastando a veracidade da sospeita e que se pretende escoitar a todas as partes, sen que a persoa entrevistada se sinta cuestionada.

Terase en conta que pode non querer falar, polo que deberemos manter unha actitude firme, non sermonar, non adiantar información e buscar un tempo e un espazo adecuados que faciliten a comunicación nun ambiente distendido.

Debemos iniciar esta entrevista de forma xenérica, con preguntas abertas e indirectas, preguntando pola vítima, amosando certo coñecemento da situación, partindo de preguntas xenéricas e menos comprometidas para logo centrarse no tema e chegar a preguntas máis específicas e difíciles, amosando certa empatía para provocar a apertura do interlocutor e rematar deixando claro que o centro non é neutral (frases do tipo: “no noso centro non se permiten estas condutas”). Debemos comunicarlle as medidas que se poden adoptar e deixar aberta a posibilidade de que o agresor amose arrepentimento, tendo en conta a vontade da vítima.

Algunhas preguntas tipo son as que se rexistran a continuación. Este cuestionario de preguntas é totalmente aberto e deberá adaptarse ás respostas que vaia dando a persoa entrevistada, coa finalidade de recadar a máxima información nun clima de confianza.

Nome e apelidos:

Curso e grupo:

Indicar sexo:

• **Cuestións para a recollida dunha información inicial** (Os datos permitirán saber como é a súa situación no centro)

1. Como te atopas na clase?

2. Sénteste integrado/a no centro?

3. Tes amigos e/ou amigas?
4. Como son as relacións co profesorado?
5. E co persoal non docente?
6. Sabes en que consiste o acoso?
7. Son frecuentes estas situacións no centro? Cales son as máis habituais?
8. Por que cres que se dan este tipo de situacións?
9. Sufriches algunha destas situacións nalgunha ocasión?

- **Cuestións para a análise da situación ocorrida** (Trátase de que faga un relato do suceso no que se ve implicado. A partir da cuestión 16 son propias do ciberacoso)

1. Molestaches a algún compañeiro ou compañeira nos últimos días?
2. Es amigo/a de?
3. Sabes se lle pasa algo?
4. Deixádelo/a de lado? Por que o facedes?
5. A ti cónstache que haxa algún motivo ou que pasase algo importante?
6. Que foi o que aconteceu?
7. Onde sucederon os feitos?

8. Dende cando ocorre esta situación? Son feitos illados ou repítense?
9. A que foi debida esta situación?
10. Pensas que é motivo para que se metan con el ou con ela?
11. Como te sentirías ti no seu lugar? Que fai esa persoa? Cres que llo conta a alguén?
11. Pensas que se puido evitar?
12. Que fan as persoas que te rodean para evitar esta situación? Cántanllo a alguén?
13. Os demais fan algo para axudarlle? E para axudarche a ti? Necesitas axuda ti tamén?
14. Como pensas que se podería solucionar o problema?
15. Cal é o teu compromiso para levar adiante esta solución?
16. Souben que hai mozos e mozas que se están a meter con outros por medio do móvil e de internet, ti sabes algo?
17. Que opinas disto? Por que cres que o fan?
18. Que fai a persoa que recibe estes insultos ou burlas? Que pensas que podería facer?

19. Coñeces a alguén que lle estea pasando?

20. Sabes de alguén que se burle dos demais ou que sufra burlas?

22. Ti sabes que no centro estamos para axudarnos e que non podemos permitir que isto lle suceda ao noso alumnado. Parece ser que dende hai algúns días se está a producir unha situación destas, ti sabes algo?

23. Cántame algunhas cousas das que fixeches co móbil ou con internet que creas que puidesen resultarlle desagradables a algún compañeiro ou compañeira.

24. Ocorreuche algunha vez a ti? E ti, fixéchelo algunha vez?

25. Estás a facelo agora? Por que o fas?

26. Para isto, utilizas internet ou o teléfono móbil? Redes sociais, messenger, chat, correo electrónico, sms, mms, youtube...?

27. Por que cres que non gusta o que fas? Como o sabes? Sabe esa persoa que es ti?

28. Falo tamén na vida real, cara a cara?

- **Que pensas que debería facer o profesorado do centro ou a dirección para solucionar o problema?** (Informar o alumno ou alumna das medidas urxentes de protección que se poden poñer en marcha para frear a posible conduta incorrecta)

REGISTRO DE POSIBLES NOVAS CUESTIÓNS XURDIDAS NA ENTREVISTA

REGISTRO DAS RESPOSTAS ÁS CUESTIÓNS REALIZADAS NA ENTREVISTA

....., de de

Sinatura : *Persoa receptora da información (Responsable da tramitación)*

ANEXO X

ENTREVISTA COAS PERSOAS OBSERVADORAS/ESPECTADORAS

Con este cuestionario preténdese obter información desde a perspectiva das persoas observadoras/espectadoras, para poder revisala e contrastala coa información obtida do alumnado implicado directamente (víctima e persoa ou persoas agresora/s), amosándolles a postura do centro de intolerancia ás agresións e facéndolles ver as consecuencias da conduta da persoa ou persoas agresora/s e a súa se non colaboran informando do acontecido.

No caso de ser varias as persoas observadoras/espectadoras, faráselle unha entrevista individual a cada unha delas e por separado, e intentarase que non se comuniquen entre elas ata que se entreviste a todas. Previamente, deberáselle facer a entrevista á vítima.

A persoa que faga esta entrevista deberá amosar unha actitude receptiva e manifestar compromiso obxectivo na recollida da información. Coidarase moito non adiantar información e buscar un tempo e espazo adecuados que faciliten a comunicación, á vez que se insistirá na confidencialidade da entrevista e na garantía do seu anonimato.

Debemos iniciar esta entrevista con preguntas xenéricas, abertas e de forma indirecta, partindo de preguntas menos comprometidas, preguntando pola vítima, amosando certo coñecemento da situación para logo centrarse no tema e amosar empatía, co fin de provocar a apertura do interlocutor e rematar con preguntas máis específicas e difíciles, deixando claro que o centro non é neutral (frases do tipo: “no noso centro non se permiten estas condutas) e que evitar o maltrato ou acoso escolar é unha responsabilidade de todos. Buscarase tamén a empatía das persoas observadoras/espectadoras coa vítima.

Algunhas preguntas tipo son as que se rexistran a continuación. Este cuestionario de preguntas é totalmente aberto e deberá adaptarse ás respostas que vaia dando a persoa entrevistada, coa finalidade de recadar a máxima información nun clima de confianza.

Nome e apelido:

Curso e grupo:

Indicar sexo:

• **Cuestións para a recollida dunha información inicial** (Os datos permitirán saber como é a súa situación no centro, algunha específica para o ciberacoso)

1. Como te atopas na clase?

2. Sénteste integrado/a no centro?

3. Tes amigos e/ou amigas?

4. Como son as relacións cos teus compañeiros e compañeiras?
 5. Mantédesvos en contacto, ademais de no centro, na rúa, por internet ou por teléfono móbil?
 6. Como son as relacións co profesorado? E co persoal non docente?
 7. Sabes en que consiste o acoso?
 8. Son frecuentes estas situacións no centro? Cales son as máis habituais?
 9. Por que cres que se dan este tipo de situacións?
 10. Sufriches algunha destas situacións nalgunha ocasión?
- **Cuestións para a análise da situación ocorrida** (Trátase de que faga un relato do suceso no que estaba como observador/espectador. A partir da cuestión 20 son propias do ciberacoso)
1. Nos últimos días, fuches testemuña dalgunha destas situacións, cal?
 2. Es amigo/a de?
 3. Sabes se lle pasa algo?
 4. A ti cónstache que haxa algún motivo ou que lle pasase algo importante?
 5. Que foi o que aconteceu?
 6. Onde sucederon os feitos?
 7. Dende cando ocorre esta situación? Son feitos illados ou repítense?
 8. Onde estabas cando aconteceu?

9. A que foi debida esta situación? Por que cres que sucederon os feitos?
10. Por que cres que se desencadeou esta situación, son simples bromas, queren molestar á outra persoa ou merecía?
11. Como cres que se sente? Como te sentirías ti se estiveses na súa situación?
12. Como te sentes cando presenzas este tipo de situacións?
13. Ocorreuche algunha vez a ti? E ti, fixéchelo algunha vez?
14. Ti que farías na súa situación?
15. Había alguén máis cando se produciu o incidente?
16. Poderíase facer algo para solucionalo?
17. Fixeches algo para evitar que se producise esta situación?
18. Cantas persoas máis saben o que aconteceu?
19. Que pensas que se podería facer para solucionar o problema?
20. Que estás disposto a facer ti?
21. Souben que hai mozos e mozas que se están a meter con outros por medio do móvil e de internet, ti sabes algo?
21. Que opinas disto? Por que cres que o fan?
22. Que fai a persoa que recibe estes insultos ou burlas? Que pensas que podería facer?

23. Coñeces a alguén que lle estea pasando?

24. Sabes de alguén que se burle dos demais ou que sufra burlas?

26. Parece ser que dende hai algúns días se está a producir unha situación destas, ti sabes algo?

27. Ti sabes que no centro estamos para axudarnos e que non podemos permitir que isto lle suceda ao noso alumnado. Se presenciaches algunha situación deste tipo, ti sabes por que empezou esta situación e que medios empregaron para acosar a ese amigo/compañeiro/coñecido ou amiga/compañeira/coñecida (redes sociais, messenger, chat, correo electrónico, sms, mms, youtube...)?

- **Que pensas que debería facer o profesorado do centro ou a Dirección para solucionar o problema?** *(Informar o alumno ou alumna das medidas urxentes adoptadas para frear a posible conduta incorrecta e protexer a vítima)*

REGISTRO DE POSIBLES NOVAS CUESTIÓNS XURDIDAS NA ENTREVISTA

REGISTRO DAS RESPOSTAS ÁS CUESTIÓNS REALIZADAS NA ENTREVISTA

....., de de
Sinatura : *Persoa receptora da información (Responsable da tramitación)*

ANEXO XI
ENTREVISTA Á FAMILIA DA VÍTIMA
CONVOCATORIA + CUESTIONARIO

Estimado/a señor/a D/D^a.....
(nai, pai ou persoa titora legal do alumno ou alumna):.....
Como persoa responsable da tramitación do protocolo de acoso escolar iniciado no
..... (nome do centro), diríxome a vostede co
obxecto de continuar co proceso facilitador do esclarecemento dos feitos ata a súa
conclusión.

Coa finalidade de recadar nova información referida a determinados
aspectos da situación do/a seu/súa fillo/a, convócoo a unha nova reunión o
próximo día....., áshoras, no..... deste centro.

Así mesmo, continuarán sendo informados puntualmente das actuacións
que se desenvolvan e que poidan afectarlle ao/á seu/súa fillo/a.

....., de de

Sinatura:

Sinatura/s:

Persoa receptora da información
(Responsable da tramitación)

Sinatura do representante
ou representantes legais
do alumno ou alumna

CUESTIONARIO

A entrevista coa familia da presunta vítima debe ser especialmente coidadosa, coa finalidade de contrastar a veracidade dos feitos ao tempo que se lle ofrece apoio e escoita. É moi importante que non se sinta cuestionada e que perciba que o centro quere o mellor para o seu fillo ou a súa filla.

Débese comezar con preguntas xenéricas e abertas, intentando establecer un ambiente distendido, para logo continuar centrando a entrevista na situación de acoso, partindo de preguntas menos comprometidas ata chegar ás máis específicas e difíciles. En todo momento, débese intentar tranquilizar os familiares informándoos sobre os feitos que se están investigando e as actuacións inmediatas xa adoptadas no centro.

Podemos rematar a entrevista ofrecéndolles (verbalmente e por escrito) algún consellos de como actuar dende a familia ante situacións deste tipo e buscando a maior colaboración posible durante todo o proceso.

Algunhas temáticas que se deberán recoller nas preguntas tipo son as que se rexistran a continuación. Este cuestionario de preguntas é totalmente aberto e deberá adaptarse ás respostas que vaia dando a persoa entrevistada, coa finalidade de recadar a máxima información nun clima de confianza.

Cuestións sobre:

- Relacións con outros compañeiros ou outras compañeiras, membros da familia ... (medios que emprega): Como lle vai no centro? Lévese ben cos compañeiros e/ou compañeiras? Están en contacto tamén co móbil e internet?
- Estado de saúde e/ou emocional do seu fillo ou da súa filla (sono, apetito, sensibilidade...). Información sobre a posibilidade de recibir algún apoio externo especializado, de ser necesario.
- Aspectos destacables sobre o seu comportamento na casa ou noutros contextos diferentes ao centro educativo (illamento, medo, mutismo, comunicación ...): Notaron algún cambio recente no seu fillo ou na súa filla? Cales? Estamos a recibir noticias de que o seu fillo ou a súa filla podería estar tendo problemas con internet e/ou o móbil, saben algo disto? Contoulle o seu fillo ou a súa filla algo ao respecto?
- Actividades diarias do alumno ou da alumna (horarios, tempo de familia, tempo de estudo, tempo de ocio, horario de TV, horario de ordenador, actividades extraescolares...): Utiliza moito o móbil? Ten acceso a internet dende o móbil?
- Actividades de ocio e tempo libre: ordenador, cine, deporte, lectura, videoxogos
- Outras (as que se consideren de interese para completar información que conduza a esclarecer os feitos): Cren que poida estar sucedendo algo? Como que? Falaron con el ou ela? Que lles contou? Como cren que lle podemos axudar?

**REXISTRO DE POSIBLES CUESTIÓNS PROGRAMADAS E/OU XURDIDAS
NA ENTREVISTA**

**REXISTRO DAS RESPOSTAS ÁS CUESTIÓNS REALIZADAS NA
ENTREVISTA**

....., de de

Sinatura:

Persoa receptora da información (Responsable da tramitación)

ANEXO XII
ENTREVISTA Á FAMILIA DA/S PERSOA/S ACOSADORA/S
CONVOCATORIA + CUESTIONARIO

Estimado/a señor/a D/D^a (*nai, pai ou
persoa titora legal do alumno ou alumna*):

Como persoa responsable da tramitación do protocolo de acoso escolar iniciado no (*nome do centro*), diríxome a vostede co obxecto de continuar co proceso que facilite o esclarecemento dos feitos ata a súa conclusión.

Coa finalidade de recadar nova información referida a determinados aspectos da situación do/a seu/súa fillo/a, convócoo a unha nova reunión o próximo día....., áshoras, no..... deste centro.

Así mesmo, continuará sendo informado/a puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que lle poidan afectar ao/á seu/súa fillo/a.

....., de de

Sinatura:

Sinatura/s:

*Persoa receptora da información
(Responsable da tramitación)
do alumno ou alumna*

*Sinatura do representante
ou representantes legais*

CUESTIONARIO

A entrevista coa familia ou familias da presunta persoa ou persoas acosadora/s debe ser especialmente coidadosa, coa finalidade de contrastar a veracidade dos feitos ao tempo que se lle ofrece apoio e escoita. É moi importante que non se sinta cuestionada e que perciba que o centro quere o mellor para o seu fillo ou a súa filla.

Débese comezar con preguntas xenéricas e abertas, intentando establecer un ambiente distendido, para logo continuar centrando a entrevista na situación de acoso, partindo de preguntas menos comprometidas ata chegar ás máis específicas e difíciles.

En todo momento, débese intentar tranquilizar os familiares informándoos sobre os feitos que se están investigando e as actuacións xa adoptadas no centro. Asemade, débese evitar que se sintan culpables polo que poida facer o seu fillo ou a súa filla e que cuestionen a persoa que está sendo a suposta vítima. Afirmaremos que este tipo de feitos non se poden permitir e que o centro vai desenvolver as actuacións que considere axeitadas para o ben do seu fillo ou da súa filla e do resto dos compañeiros e das compañeiras. No caso de que se trate dunha situación de posible ciberacoso, é conveniente facerlles ver que internet e o teléfono móbil son ferramentas moi potentes que poden causar graves danos dos que son corresponsables.

Podemos rematar a entrevista ofrecéndolles (verbalmente e por escrito) algúns consellos sobre como actuar dende a familia ante situacións deste tipo e buscando a maior colaboración posible durante todo o proceso.

Algúns temas que se deberán recoller nas preguntas tipo son as que se rexistran a continuación. Este cuestionario de preguntas é totalmente aberto e deberá adaptarse ás respostas que vaia dando a persoa entrevistada, coa finalidade de recadar a máxima información nun clima de confianza. Cuestións sobre:

- Relacións con outros compañeiros ou compañeiras, membros da familia ... (medios que emprega): Como lle vai no centro? Lévasse ben cos compañeiros e/ou compañeiras? Están en contacto tamén co móbil e internet?

- Estado de saúde e/ou emocional do seu fillo ou da súa filla (sono, apetito, algunha adicción ...). Información sobre a posibilidade de recibir algún apoio externo especializado.

- Aspectos destacables sobre o seu comportamento na casa ou noutros contextos diferentes ao centro educativo (agresividade, mutismo, ocultación, mentira, falta de comunicación ...): Notaron algún cambio recente no seu fillo ou na súa filla? Cales? Estamos a recibir noticias de que o seu fillo ou a súa filla podería estar usando internet ou o móbil para molestar a outro rapaz ou a outra rapaza, saben algo disto? Contoulle o seu fillo ou filla algo ao respecto? Contoullelo a outras persoas da familia? A amigos ou amigas?

